

ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO DA CORPORACIÓN, DO 16 DE NOVEMBRO DE 2018

Na Casa do Concello de Silleda, ás dez horas do día **dazaseis (16) de Novembro do ano dous mil dezaoitto (2018)**, reúnese o Pleno da Corporación, en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTENTES:

PRESIDENTE: Manuel Cuíña Fernández, (PsdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

Kaus Brey Montana

Ana Luísa González Costa, (PsdeG-PSOE)

Jesús Taboada Lázara, (PsdeG-PSOE)

M^a del Pilar Peón Iglesias, (PSdeG-PSOE)

Manuel Iglesias, (PSdeG-PSOE)

Benito Saavedra Vazquez

José Luís Espiño Espantoso, (PP)

Ignacio Maríl Pardo, (PP)

M^a del Carmen Folla González (PP)

Natalia Iglesias Mendez

Ana Rosa Cornado Molina, (BNG)

Non asiste: José Antonio Ramos Dobarro (PP).

INTERVENTOR: Leopoldo Moure Dopico

SECRETARIO XERAL: Manuel Quintáns Queiruga, Secretario do concello, que da fe do acto.

Administración Electrónica [nº 2342/2018](https://gestiona-05.espublico.com) (<https://gestiona-05.espublico.com>).

ORDE DO DIA

1. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES, coa introdución do artigo Cuarto.bis.1.

Alcalde: fai unha exposición sinxela, remitíndose ao Pleno de Setembro, os informes de Secretaría e Intervención e ao exposto na Comisión Informativa.

Voceiro PP: defende que hai dous informes contraditorios. O Interventor sinala que non sería legal, porque se acabarán bonificando os usos residenciais, as vivendas, polo que se deberían revisar eses 40 casos, e pon un exemplo concreto dun suposto

no que na ficha do Catastro está perfectamente desglosado, citando os m2 de cada uso, vivenda, galpón, anexo, etc.. Non se pode aprobar así, insiste, xa que no período de alegacións se podería “votar abaixo”. Por iso solicita que se modifique a proposta, engadindo un parágrafo: “que o uso agrario quede xustificado e que o residencial non o supere e que o propio concello lle facilite ese cálculo”. Non procede aprobar algo que sexa ilegal, proclama.

Voceira BNG: está de acordo co PP en que se busque a maior seguridade xurídica, pero non que se obrigue a xente a pedir peritaxes, segundo a meu entender... O BNG propón como solución alternativa, a que xa adoptaron outros concellos cunha bonificación as construcións no medio rural do 60%, axudando mellor aos que viven nel, que dispoñen de menos servizos que os dos núcleos urbanos.

O Sr. Alcalde da por pechado o debate.

En base ao exposto, se adopta o seguinte:

ACORDO

- **APROBAR unha bonificación do 50% da parte da cota íntegra do imposto relativa a construcións en solo rústico indispensables para o desenvolvemento das explotacións agrícolas, gandeiras, ou forestais, previa declaración de especial interese ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias tanto sociais como de fomento de emprego-, nos casos en que a instalación/construción estea dada de alta na Dirección Xeral do Catastro como una unidade única, sen separación do uso residencial (vivenda) do agropecuario (granxa)”.**

VOTACIÓN: se aproba por 7 votos a favor (PSOE) e 5 en contra (4 do PP e 1 do BNG)

2. APROBACION EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS DO ORZAMENTO DE 2018.

Consta no Expediente Administración Electrónica nº [2342/2018](https://gestiona-05.espublico.com) (<https://gestiona-05.espublico.com>).

Coas discrepancias dos voceiros do PP e BNG, se somete a votación.

VOTACIÓN: se aproba por 7 votos a favor (PSOE) e 5 abstencións (4 do PP e 1 do BNG)

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 10-20 horas do 16 de Novembro de 2018, do que, eu, o Secretario, dou fe.

Expediente Administración Electrónica nº [2342/2018](#).

SECRETARIO.
Manuel Quintans Queiruga.